FICHA 9 LECTURA

## Arriba o pano!

É mércores pola tarde e o gran espectáculo está a punto de comezar. O público enche o salón de actos. Apáganse as luces. Sobe o pano e soan os aplausos.

Clara e Cristina están preparadas para representar a obra titulada «O ogro alegre». Escribírona as dúas cunha pequena axuda do profesor de inglés. A obra é moi graciosa e esperan que á xente lle guste.

Soa unha música de clarinete e... comeza a función!



1 Pinta a opción correcta en cada caso.

- O espectáculo que está a punto de comezar é:

  un concerto | unha obra de teatro

- O lugar onde se reuniu o público é:

  o salón de actos | a praza da vila

- O día da representación é:

  o xoves | o mércores



2 Busca os datos na lectura e completa este resumo.

______ e ______ representan hoxe a obra «______», escrita por elas mesmas coa axuda do ______ de ______. Soa a música e... comeza a ______!



fr fr fr Fr Fr Fr

fra fro fri fru fre Fre Fra

Fran bebe un refresco de froitas.



**1** Agrupa por cores e escribe os nomes onde corresponda.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| fri | a | go | za | rí | fi |
| | frán | co | náu | go | fra |









fl fl fl Fl Fl Fl

fle flo fli fla flu Fla Flo



flotador

pantuflas



1 Completa as oracións coas palabras anteriores.

Flavia infla o ______ na praia.

Floriano calza as ______ na casa.

2 Que tomou Florinda? Marca.

Florinda tomou un prato de coliflor cocida e, de sobremesa, un flan.

☐  ☐  ☐  ☐ 